

ENTREVISTA

MEDOS ROMERO

“Escribo por dor e por xenreira, por non asumir un mundo que non me gusta”



A traxectoria poética da pontesa Medos Romero medra na consideración de que estamos ante unha das voces máis singulares e intensas do país. A súa recentísima obra “A seitura dos tristes” confirma e supera o anterior “O pozo da terra”, Premio González Garcés da Deputación da Coruña. O valor da terra, o compromiso co país e coa condición feminina son algúns dos temas dos que escribe. Con esta escritora na que obra e vida van tan unidas

Apiques de presentar o seu cenital poemario “A seitura dos tristes” (Ed. Follas Novas), Medos Romero (Somedo, As Pontes, 1959) confirmáanos un óptimo momento creativo e vital, algo que ten tanta relación nunha traxectoria onde a creación non se explica sen a vivencia. Diso falamos.

—Pola túa escrita queda claro que a infancia e a parroquia de Somede son un tempo e un espazo de ledicia.

—Hai moito goce e ledicia na vivencia ao pé da terra, pero a miña obra está atravesada tamén pola dor e o sufrimento. É verdade que non houbo ningunha experiencia que me dese tanto goce como o encontro en soedade coa propia natureza cando eu vivía á súa beira. Aí fixenme unha grande escoitadora de silencios. Hai un encontro coas cores, cos arrendos, coas tonalidades. A natureza non me pide nada, non me esixe nada e me reconforta. Esas experiencias que a xente busca no zen xaponés ou na sofroloxía eu atopéinas nesa natureza que logo é contada na miña poética.

—Fálase de ti como dunha poeta telúrica, con forte sentido vivencial da terra.

—De aí vén ese entendemento, ese encontro para contar aquilo máis breve, o mínimo: un raio que atravesa a néboa... son experiencias vitais moi fondas e de moito goce en lugares que xente da miña idade di que non podería vivir...

—Falas da patria de Somede.

—Si, pero imos ver, a miña é unha historia de desencontros. Eu marchei, fun arrincada do medio familiar aos tres anos para ir a As Pontes, de onde saín a estudar aos 13 anos e logo regresei a recuperar o que perdiera, así que esa ledicia ten que ver tanto co vivir como coa recuperación do vivido, de voltar á casa, incluso á familia.

—Unha familia á que lle escoitabas contar his-

torias á beira do lume.

—Esa é outra das miñas claves creativas. Marcoume o feito de que meus pais e meu avó contarán e foran tan bos narradores, incluso sen sabelo. Meu avó contaba historias de cando ía á mina en bicicleta, do lobo, das meigas, das viaxes a Cuba, do vudú... E meu pai, que era un labrego e un obreiro tiña, sen sabelo, unha capacidade narradora exquisita e marabillosa, coa que contaba con toda precisión e detalle.

—Nalgún lugar tes falado de ti mesma como dun “puzzle desfeito” que tiveches que aprender a reconstruír.

—Sentínme así, ao mellor equivocadamente, pero vivencieino como un abandono brutal. A pesar de que foi unha marcha e un cambio para vivir mellor, vivín un

sentimento de abandono durante moitísimos anos que me levou a unha crise de identidade: a saber a quen quero, quen me quere, quen veño sendo... cousas fundamentais para o ser humano. Cando un non ten o recurso da razón e sinte tanto, acaba por enfermarse de sentimento porque non ten saída. Acábase saíndo pero traballando moito para ver

a historia desde fóra, para vela desde dentro, para entender.

—É certo que as túas primeiras lecturas foron novelas de vaqueiros?

—Si, si. Nas casas de aldea non había libros, así que o que me caía nas mans eran novelas de vaqueiros con títulos e esas cousas. Logo, xa de adolescente, recorde de pasar longas tempadas saíndo para adiante con “Follas de herba”, de Walt Withman, e con “Los versos del capitán”, de Neruda. No colexio, en Melide, recorde a unhas monxas das que gardo moi bo recorde que nos estimulaban a facer cousas e a ler. Logo, moito máis tarde, tiveron afección polos libros de psicoloxía e filosofía e, que curioso, cando nena buscaba nas cousas dos maiores claves para entender o mundo e logo, nos libros, fi-

“Non houbo ningunha experiencia que me dese tanto como o encontro en soedade coa natureza”

Texto Nicolás Vidal
Caricatura Juan Veiga
Fotos Estevo Barros

xen o mesmo, cando o que estaba a buscar estaba en min, dentro de min, claro.

—No ano 96 comezas a escribir, non o fixeras antes?

—Si, cando cativa era moi reblede e algo fixera nese sentido, pero non conservei nada nin ninguén veu nunca nada. Logo, a necesidade de comunicar levoume a un grupo de música en Melide, a un grupo de teatro, etc. Unha inquedanza de fuxir do cotián. Logo pasou moito tempo pero estaba de seu. Comecei a escribir de novo xa cunha madurez persoal, cos pés na terra e a cabeza fría. Hoxe escribo por un mundo que esmorece, por esa dor, pero tamén por inconformismo e por xenreira e por non asumir un mundo que non me gusta. E por suposto por tratar de comunicar.

—Fálase da túa escrita, ou dunha parte dela, como dura polos temas que trata e pola denuncia que fas. Inflúe ter unha profesión como a túa, de enfermeira, onde un ve o sufrimento e a morte a cotío?

—Algo si, pero inflúe máis o feito de ser unha persoa radical, que pretende que nada sexa vacuo. Son tan visceral e poño tanta paixón no que fago que ás veces perdo moitísima enerxía en cousas que non valen a pena. Logo as cousas brutais que eu vivencio e que acaban sendo normais

ou habituais, pero o carácter creo que é primeiro. Logo hai outra cousa: eu quero fuxir da mediocridade

no que se conta. Que un poema dos meus diga algo e o seguinte tamén, por iso ao mellor, nesa intención, as cousas non poden suavizarse.

—O que si que é certo e que os escritores galegos soen ser profesores e de repente aparece Medos Romero, que é enfermeira. Supoño que iso tamén aporta un enfoque distinto da túa escrita respecto aos demais poetas.

—Si, hai poucos escritores que non teñan que ver coa filoloxía. No meu caso creo que é bo para min, non estar tan pegada aos libros ou á técnica, senón a un camiño máis de experiencia vital. Non mellor ou peor, senón distinto.

—E de onde vén esa atracción pola dor, polo sufrimento?

—Os periodistas sabedes moito diso, porque vedes como vai o mundo... ao mellor hai quen pensa que a poesía debería estar máis entre algodóns, pero creo que a realidade é brutal. Creo que "O pozo da ferida", un libro que denuncia a violencia contra as mulleres, está á altura do que lle pasa á muller en moitos lugares na actualidade, e non se pode menos que abordalo así. Na poética da terra é certo que tamén está o tenro. Creó que a miña poesía oscila entre esa dureza e esa tenrura, ten esas dúas facianas, pero a dor atravesa os meus relatos e poemas, é un actor principal.

—Cal cres que son as claves da poesía de Medos Romero?

—A dor, a terra e a muller son os tres pés.

—Fas distinción cando escribes poesía de canto o fas na prosa?

—A narrativa é máis consciente, máis calculada. Eu sei en cada momento a onde quero ir da man da razón. Na poesía é algo que a min dame voltas. Por exemplo, hai tempo que quero facer un poemario sobre esta cidade, sobre Ferrol, para reencontrarme con ela e non sei se sairá, porque eu lle dou voltas e nunca sabes... sen embargo un suceso repentino pode acabar motivándome, abrindoche unha porta. Por exemplo, uns feitos brutais sobre unha violación e asasinatos dunhas nenas levoume a escribir "O pozo da ferida". As cousas saíron como un río, todo sentimento. Eu teño que escribir desde a emoción e desde o corazón, pero cada un ten o seu xeito, claro.

—A túa linguaxe telúrica e viva é unha das características máis sinaladas da túa poesía.

—Eu sei que o meu galego pode non ser de dicionario,

que ten moitos dialectalismos, pero foi o galego que eu mamei, que me conforma e me confirma e que creo que enriquece e identifica a miña obra e, por suposto, non o vou abandonar nunca.

—O teu libro máis recente é "A seitura dos tristes", unha nova lembranza das orixes e da terra. Hai quen di que é o teu mellor libro, incluso superior a "O Pozo da ferida".

—Creo que si. "A seitura dos tristes" é un canto a un territorio de desolación, esquecido e abandonado. Podería definirse como o

desterro dos tristes. Somos os perdedores, os expulsados, os olvidados. Sintome como parte

dunha tribo que foi colonizada e expulsada do seu lugar. Aí está ese canto a esa filosofía de vivir que me parece a máis digna, ao pé da natureza, da paisaxe, entre animais e vexetais, aínda que podía ser moi dura. Logo, hai neses poemas un sentimento no que crin entender que a vida e a morte son parte da mesma cousa, parte dun ciclo.

—De novo esa base telúrica da túa escrita.

—É que ese mundo non era unha paisaxe rural, era unha filosofía de vida. É a morte da intuición, da imaxinación. A xente sabía interpretar o mundo que a rodeaba: as lúas, o clima, a morte... toda esa riqueza desaparece, como moitas cousas, hai unha morte dunha identidade.

—O libro remata cunha homenaxe a outro gran poeta da terra, Manuel María.

—É un poema que eu fixen cando morreu Manuel e pareceume que

encaixaba moi ben no libro. El, que reivindicou sempre ao país e á terra. Tamén quero dicir que hai varios poemas sobre a memoria histórica, a historia que non desaparece e eses momentos cruentos que nos chegan desde o pasado. Non é xusto que as familias sigan aturando tanto, aínda que semella que houbo unha catarse, e agora lémbrome por exemplo do crime terrible das Barrosas nas Pontes, onde eu xoguei de pequena. É hora de que sexa xusto, que se dignifique, e hai poemas que fan diso.

—Xa para rematar, creo que vas ter un par de presentacións axiña, non?

—Si, o próximo xoves día 18 farémolo en Santiago, con Armando Requeixo e Luis Alonso Girgado, no local da librería Follas Novas. Despois, o día 24, será na Galería Sargadelos de Ferrol. Aquí presentaremos "A seitura dos tristes" e "O pozo da ferida", con Felipe Senén e Tareixa Novo.



“Dise que a miña escrita é dura, pero oscila entre o duro e o tenro. De tódolos xeitos a poesía non pode estar entre algodóns”

“Veño dun mundo que era máis ca unha paisaxe; era unha intuición e unha imaxinación onde a xente tiña un coñecemento do que a rodeaba”

A poeta e narradora pontesa presentará os seus dous últimos poemarios o próximo día 24 na Galería Sargadelos de Ferrol